

INFORME TÉCNICO DE AVALIACIÓN CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS OU PORCENTAXES DO CONTRATO DO CONTRATO CON/18/2011 "CONTRATACIÓN DE MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE MANTEMENTO DO SITIO WEB WWW.MAISCOMPOSTELA.ORG DA CONCELLERÍA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA."

O obxecto do presente informe é recoller o proceso de avaliación dos criterios avaliábeis mediante cifras ou porcentaxes das ofertas presentadas para a "CONTRATACIÓN DE MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE MANTEMENTO DO SITIO WEB WWW.MAISCOMPOSTELA.ORG DA CONCELLERÍA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA."

Os datos compilados en relación a estes criterios trala apertura do sobre número 3 son os seguintes:

EMPRESA	PREZO	MELLORAS	VALORACIÓN ECONÓMICA	
ABERTAL	31.000,00 €	TEMPO DE RESPONSA MÁXIMO	En tempo real no horario pactado. Fóra de horario non superior a 50 minutos	
		TEMPO DE RESOLUCIÓN MÁXIMO	En modificación de contidos, menos de 4 horas en horario laboral e non máis de 18 fóra	
		MELLORAS SEN CUSTE ADICIONAL	En modificacións do sistema: Tempo inferior a 18 horas	8.500,00 €
			Medios de contacto a disposición do cliente fora do horario laboral pactado. Tempo de resposta non superior a 8 horas Inteligencia do visitante: Informes mensuais para ver o impacto do traballo.	1.080,00 €
BALIDEA	29.900,00 €	TEMPO DE RESPONSA MÁXIMO	30 minutos	
		TEMPO DE RESOLUCIÓN MÁXIMO	24 horas	
		MELLORAS SEN CUSTO ADICIONAL	Implantación da accesibilidade web AA Certificación da accesibilidade web AA	5.934,00 € 3.000,00 €
PLEXUS	23.800,00 €	TEMPO DE RESPONSA MÁXIMO	Inmediato. Servizo 24x7	
		TEMPO DE RESOLUCIÓN MÁXIMO	1 hora	
		MELLORAS SEN CUSTO ADICIONAL	Dinamización de contas creadas para contidos máis específicos	3.700,00 €
			Soporte para usuarios externos para a resposta a comentarios de contidos	3.100,00 €
		Proporcionaránse licencias para produtos Plexus para empresas e entidades con vinculación ao Concello. En particular, Web Pyme, Módulo comercio electrónico para Web Pyme e e-fidelización. Número de licencias: 200	10.000,00 €/20.000,00 €/22.000,00 €	

Os pasos seguidos na valoración das ofertas presentadas son os seguintes:

1. Cálculo da puntuación obtida en base ao criterio Prezo tendo en conta que o prego que rexe a citada contratación establece que para a valoración do criterio "Prezo" "Outorgaranse 15 puntos á mellor oferta económica, valorándose as restantes de forma proporcional". Segundo o sistema proporcional a puntuación obtida por unha empresa x é

OFICINA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO.

Multiusos de San Lázaro, Porta 9. Avenida de Fernando Casas Novoa, 20. Telf: 981 54 24 93. Fax: 981 54 24 92.
Correo electrónico: promocioneconomica@santiagodecompostela.org Páxina web: www.maiscompostela.org

igual ao importe da oferta máis baixa presentada multiplicada por 15 puntos a outorgar neste criterio dividido entre o importe da oferta de x.

2. Cálculo das puntuacións obtidas no criterio "Parámetros de calidade do servizo" o prego establece que "Outorgaranse 30 puntos a aquela oferta que realice a maior baixa nos parámetros detallados a continuación, valorándose as restantes de forma proporcional.
 - a. Tempo de resposta máximo : 20% dos 30 puntos a outorgar neste apartado.
 - b. Tempo de resolución máximo : 80% dos 30 puntos a outorgar neste apartado."

Establécese como unidades de medida o minuto para o tempo de resposta e a hora para o tempo de resolución e aplícase a mesma fórmula que no apartado anterior. Non se pode valorar o concepto "inmediata" como tempo de resposta en minutos, polo cal á empresa Plexus outórgaselle 0 puntos neste apartado

3. Cálculo das puntuacións obtidas no criterio "Melloras ofrecidas no servizo cuantificadas economicamente" Dado que o prego establece que " Ata un máximo de 10 puntos" valorase con 10 puntos a oferta con maior número de melloras ofertadas" Establécese como unidade de medida a valoración económica aportada polas empresas, outórganse os 10 puntos a empresa con máis melloras ofertadas valorándose as restantes de xeito proporcional. Non se valoran as licencias ofertadas pola empresa PLEXUS por non estar relacionadas co obxecto principal do contrato.

Na seguinte táboa recóllense as puntuacións obtidas nestes criterios

Empresa	ABERTAL NETWORKS, S.L.	TECNOLOGÍAS PLEXUS, S.L.	BALIDEA CONSULTING AND PROGRAMMING, S.L.
Prezo ofertado (sen IVE)	31.000,00 €	28.800,00 €	29.900,00 €
Puntuación acadada	13,94	15,00	14,45
Parámetros de calidade do servizo			
Tempo de Resposta, minutos	50	1	30
Puntuación acadada	3,60	0	6,00
Tempo de resolución, en horas	18	1	24
Puntuación acadada	1,33	24	1,00
Melloras ofrecidas no servizo cuantificadas economicamente	9.580,00 €	6.800,00 €	8.934,00 €
Puntuación acadada	10,00	7,10	9,33
Puntuación total criterios avallables mediante cifras ou porcentaxes	28,87	46,10	30,77

OFICINA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO.

Multiusos de San Lázaro, Porta 9. Avenida de Fernando Casas Novoa, 20. Telf: 981 54 24 93. Fax: 981 54 24 92.
Correo electrónico: promocioneconomica@santiagodecompostela.org. Páxina web: www.maiscompostela.org

Os que sumados aos obtidos pola valoración do criterio de de adxudicación "Criterio non available mediante cifras" permite obter como resultado final a seguinte táboa de valoración das distintas propostas presentadas:

Empresa	ABERTAL NETWORKS, S.L.	TECNOLOGÍAS PLEXUS, S.L.	BALIDEA CONSULTING AND PROGRAMMING, S.L.
Prezo ofertado (sen IVE)	31.000,00 €	28.800,00 €	29.900,00 €
Puntuación acadada	13,94	15,00	14,45
Parámetros de calidade do servizo			
Tempo de Resposta, minutos	50	7	30
Puntuación acadada	3,60	0	6,00
Tempo de resolución, en horas	18	1	24
Puntuación acadada	1,33	24	1,00
Melloras ofrecidas no servizo cuantificadas economicamente	9.580,00 €	6.800,00 €	8.934,00 €
Puntuación acadada	10,00	7,10	9,33
Puntuación total criterios availables mediante cifras ou porcentaxes	28,87	46,10	30,77
Puntuación non available mediante cifras	22,5	45	45
Puntuación total.	51,37	91,10	75,77

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2011



Carme Casado Casado
Técnica Oficina de Promoción Económica

**INFORME TÉCNICO AVALIACIÓN CRITERIO 2º DO CONTRATO CON/18/2011
"CONTRATACIÓN DE MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO, DO SERVIZO DE MANTEMENTO
DO SITIO WEB WWW.MAISCOMPOSTELA.ORG DA CONCELLERÍA DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA."**

O obxecto do presente informe e recoller o proceso de avaliación técnica das ofertas presentadas para a **"CONTRATACIÓN DE MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO, DO SERVIZO DE MANTEMENTO DO SITIO WEB WWW.MAISCOMPOSTELA.ORG DA CONCELLERÍA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. CON/18/2011.**

Tendo en conta que o prego que rexe a citada contratación establece que para a valoración do criterio 2º de adxudicación "Calidade técnica da proposta" valorable con ata 45 puntos a Mesa de Contratación pode solicitar os informes técnicos que se estime oportuno, elabórase o presente informe coa finalidade de dar conta do proceso de valoración deste criterios técnico.

O prego de cláusulas administrativas que rexe o contrato citado establece que a valoración da Calidade técnica da proposta, será de ata un máximo de 45 puntos.

Os pasos seguidos na valoración das ofertas presentadas son os seguintes:

1. Valoración da calidade técnica das propostas presentadas, dacordo co que se establece no Prego de Condicións Técnicas para a contratación dun servizo de mantemento para o sitio web maiscompostela.org. En, o Mantemento sobre os Sistemas, Adaptación ás Ferramentas 2.0, Preparación e Publicación de contidos Web, e Contidos das Redes Sociais.
2. Outórgase unha única puntuación a dar a cada unha das tres ofertas presentadas que estará en función da calidade técnica da oferta:



CONCELLO DE SANTIAGO

OFERTA	COMENTARIOS
ABERTAL NETWORKS, S.L.	<p>Outógase a puntuación media (22,5 puntos) ao proxecto que cumpla co que se establece no prego técnico. A partires de aquí, outógase maior puntuación en función da calidade da proposta ata acadar o máximo de 45 puntos.</p> <p>A proposta presentada por Abertal Networks, S.L. establece case literalmente o que se pide no prego de condicións técnicas. Por tanto, por cumprir estrictamente o prego, atribúeselle unha puntuación de 22,5 puntos.</p>
TECNOLOGÍAS PLEXUS, S.L.	<p>Outógase a puntuación media (22,5 puntos) ao proxecto que cumpla co que se establece no prego técnico. A partires de aquí, outógase maior puntuación en función da calidade da proposta ata acadar o máximo de 45 puntos.</p> <p>A proposta presentada por Tecnoloxías Plexus, S.L. contén unha explicación moi detallada da proposta realizada, co detalle de procedementos para a prestación do servizo, así como os medios humanos e materiais que pon a disposición. Tamén establece os procedementos para garantir a calidade dos servizos, así como a política de confidencialidade e protección de datos. Por todo isto, outórgaselle a puntuación máxima.</p>
BALIDEA CONSULTING AND PROGRAMMING, S.L.	<p>Outógase a puntuación media (22,5 puntos) ao proxecto que cumpla co que se establece no prego técnico. A partires de aquí, outógase maior puntuación en función da calidade da proposta ata acadar o máximo de 45 puntos.</p> <p>A proposta presentada por Balidea Consulting and Programming, S.L. contén tamén unha explicación detallada da proposta realizada, co detalle de procedementos para a prestación do servizo, así como os medios humanos e materiais que pon a disposición. Ademais utiliza os exemplos para mellorar a explicación, de contados propios da web que xa están publicados. Por último, establece un plan de calidade para garantir a calidade dos servizos prestados. Por todo isto, outórgaselle tamén a puntuación máxima.</p>

3. Obtense como resultado final a seguinte táboa de valoración das distintas propostas presentadas:

EMPRESA	PUNTUACIÓN TOTAL OBTIDA
TECNOLOGÍAS PLEXUS, S.L.	45,00
BALIDEA CONSULTING AND PROGRAMMING, S.L.	45,00
ABERTAL NETWORKS, S.L.	22,50

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2011

Fernando José Piñeiro Lameiro

Axente de Desenvolvemento Local da Consellería de Economía